

Clube Marítimo
Deportivo e Cultural


BReOGAN

O GROVE • Nº 45- 2º TRIMESTRE 2017

EDITA: C.M.D.C. BREGÁN

Apdo. Correos nº 86 - Telf./Fax. 986 73 32 93

e-mail: cmdcbreoganogrove@gmail.com

www.clubbreogan.org

**O equipo de xadrez remata
no 4º posto da Primeira División
galega**

**Seis premios e unha Mención
Especial para o Breogán na Gala
do Deporte Meco**

**O equipo feminino do Breogán
gaña o gran premio
Loterías del Estado**

**O Breogán conta
con dous equipos de elite**

XXXI Trofeo Concello do Grove

**Resultados Galegos,
Nacionais e Internacionais**



DEPORTE
GALEGO



GALICIA
SAUDABLE

//ABANCA

O equipo de xadrez remata no 4º posto da primeira división galega

O equipo de xadrez do Breogán do Grove, realizou unha gran tempada, non só conseguindo o seu obxectivo de manter a categoría, senón rematando nun destacado 4º posto da Primeira División no Grupo “B” da Liga Galega de Xadrez; categoría na que volverá a competir na seguinte edición desta Liga.

Das once xornadas disputadas na Liga, o Breogán


gañou en catro enfrontamentos, caeu derrotado en outros catro e tivo outras tres xornadas na que o resultado foi empate.

Escola de Xadrez: a Escola de Xadrez do Breogán mantivo a súa actividade durante todo o curso escolar e durante algún venres do verán saíu á rúa, para xogar partidas no taboleiro xigante situado na Praza do Corgo.

RESULTADOS DA LIGA GALEGA DE XADREZ

PRIMEIRA DIVISION – GRUPO “B”

DATA	ENFRONTAMENTO	RESULTADO
28 xaneiro	BREOGÁN – Mercantil de Riveira	3,0 – 1,0
4 febreiro	Xadrez Rianxo “A” – BREOGÁN	3,0 – 1,0
11 febreiro	BREOGÁN – CXF Baños Print	2,0 – 2,0
18 febreiro	Clubexa – BREOGÁN	2,5 – 1,5
4 marzo	BREOGÁN – Padrón Golfiño “B”	2,5 – 1,5
11 marzo	Marquiño – BREOGÁN	3,0 – 1,0
18 marzo	BREOGÁN – USC Xuvenil	2,0 – 2,0
25 marzo	Club Kárpov – BREOGÁN	3,0 – 1,0
01 abril	BREOGÁN – Torpedo Gallaecia	3,5 – 0,5
22 abril	CXF B. Mediolanum - BREOGÁN	2,0 – 2,0
29 abril	BREOGÁN – Ajedrez CCD Sanxenxo	3,5 – 0,5



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

CLASIFICACIÓN FINAL – LIGA GALEGA DE XADREZ

1º DIVISIÓN “GRUPO B”

POSTO	EQUIPO	PUNTOS
1º	Club Xadrez Rianxo “A”	36,5
2º	Club Karpov Pontevedra	25,5
3º	Padrón – Golfiño “B”	23,5
4º	BREOGÁN DO GROVE	23,0
5º	Ajedrez CCD Sanxenxo	22,5
6º	Marquiño	22,0
7º	CXF – Banco Mediolanum	20,0
8º	Mercantil de Riveira	20,0
9º	Clubexa	20,0
10º	USC Xuvenil	18,5
11º	Torpedo Gallaecia	17,0
12º	CXF – Baños Print	15,5

PARTIDAS XOGADAS POR CADA XOGADOR E PUNTOS ACADADOS

1º DIVISIÓN “GRUPO B”

	PARTIDAS XOGADAS	PUNTOS ACADADOS
José M. Pérez Negro	7	5,0
Juan C. Gil Reguera	11	5,5
Heladio Outeiro Padín	11	5,5
José M. Álvarez Sabor	11	5,0
Xosé R. Fernández Abilleira	4	2,0



Seis premios e unha Mención Especial para o Breogán na Gala do Deporte Meco

O domingo 7 de maio, o Novo Pavillón de Deportes Monte da Vila acolleu unha nova edición da Gala do Deporte. A gran tempada 2016 que nos ofreceron os nosos deportistas e técnicos, fixo que o Breogán do Grove fose protagonista neste even-

to. Dos nove finalistas que tiñamos aos distintos apartados que se premiaban nesta Gala, seis foron premiados como os mellores do deporte do Grove no 2016; ademais de recibir unha Mención Especial por parte de Elena Naveiro.

NATALIA GARCÍA,	Mellor Deportista Feminina.
TONO CAMPOS,	Mellor Deportista Masculino.
TANIA ÁLVAREZ,	Mellor Deportista Promesa Feminina.
NOEL DOMÍNGUEZ,	Mellor Deportista Promesa Masculina.
EQUIPO SENIOR FEMININO,	Mellor Equipo Feminino.
BREOGÁN PIRAGÜISMO,	Mellor Club.
ELENA NAVEIRO,	Mención Especial.

Ademais dos premios recibidos, tivemos outros tres finalistas nos seguintes apartados:

- Miguel Fernández Castro, finalista no apartado de Mellor Adestrador; Equipo Senior Masculino, finalista no apartado de Mellor Equipo Masculino e, Breogán Piragüismo, finalista no

apartado de Mellor Traballo de Base.


Ademais tamén recibiron Diplomas:

- Equipo Xuvenil Masculino, por acadar o título de Campión da Liga Galega Xuvenil Masculina.
- Equipo Feminino de Kaiak de Mar, por acadar o título de Cam-

pión da Liga Galega de Kaiak de Mar Feminina.

O NOSO AGRADECIMENTO @S NOS@S DEPORTISTAS E TÉCNICOS.

NORABOAA TOD@S OS PREMIADOS, NOMINADOS E A TODO O DEPORTE EN XERAL DO GROVE.



zedtech
handmade custom kayaks



O equipo feminino do Breogán gaña o gran premio Loterías del Estado, será un aviso?

Esta tempada o equipo feminino do Breogán gañou por segundo ano consecutivo a Liga Nacional Feminina, que nesta ocasión era Gran Premio Loterías y Apuestas del Estado, e preguntámonos se non será un aviso?!

EU DE TI, NON ME QUEARÍA
SEN ESTA LOTERÍA.

O Breogán conta con dous equipos de elite

En anos anteriores a Fundación Deporte Galego, en base aos seus resultados a nivel absoluto nacional, designou ao equipo senior masculino como equipo de elite galego. Neste anos, foron dous os equipos que obtiveron esta consideración, xa que tamén foi recoñecido como de elite o equipo senior feminino, despois da gran tempada realizada no 2016.

Por iso, os dous equipos entraron dentro do Plan de Patrocinio Publicitario de Alta Competición para equipos galegos, onde asinaron convenio un total de 116 equipos galegos, dos que dous son do Breogán do Grove.

Por iso, o Breogán loce un ano máis nas súas equipacións os logos de DEPORTE GALEGO, GALICIA SAUDABLE e ABANCA.




CARPINTERÍA - CERRAJERÍA



www.groveal.com - info@groveal.com
Rúa Alexandre Bóveda, 87 bj.
36980 O GROVE

Tels. 986 733 844 672 230 770 652 449 213



Campionato de Galicia de infantil individual XXXI Trofeo Concello do Grove de piragüismo

O sábado 3 de xuño disputouse no Grove o Campionato Galego de Infantís - XXXI Trofeo Concello do Grove. Organizada polo Breogán do Grove, coa colaboración da Federación Galega de Piragüismo e estando patrocinada polo CONCELLO DO GROVE e a DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. Nela 338 deportistas de categoría infantil, en representación de 37 clubs de toda Galicia, fixéronnos disputar dun gran día de piragüismo en terras mecas.

O tempo non acompañou todo o que nos gustaría, xa que os deportistas tiveron que soportar algo de vento; aínda que finalmente foi aguantando e puídose disputar a regata.


Dez foron @s padexeir@s do Breogán presentes nesta competición, onde Carme Devesa, no

K-1 muller infantil “B”, non tivo sorte e rematou no posto 28º, despois de emborcar e ter que remontar durante toda a regata.

As medallas colleitadas neste día, viñeron das nosas dúas parellas de xemelgas canoístas: no C-1 muller infantil “B” zurda, Valeria Oliveira foi Medalla de Ouro mentras a súa irmá Yolanda foi Medalla de Prata na mesma categoría pero entre as diestras. Entre as C-1 muller infantil “A”, nas zurdas Lola Cerviño foi Medalla de Prata; mentras a súa irmá Carmen, foi Medalla de Bronce entre as diestras.

Pedro Díaz “rozou o poste” ao rematar cuarto entre os C-1 home infantil “B”. E Marta Mourelos foi novena no K-1 muller infantil “A”. Mentras que





Rubén Otero (C-1 home infantil “B”), Diana Méndez (K-1 muller infantil “A”) e Anxo Iglesias (C-1 home infantil “A”) non remataron a regata.

Na entrega de premios desta regata contamos con: Santiago Meis (Concelleiro de Deportes do Grove), Fredi Bea (Presidente da F.G.P.) e Antía Rodríguez (Vicepresidenta do Breogán do Grove).

Ademais dos trofeos e pre-seas habituais, entregáronse aos deportistas clasificados en primeira e segunda posición en todas as categorías, uns lotes de conservas doados por “ISABEL” e “GRANDES HOTELES”. Asimesmo, os tres primeiros clubs clasificados no XXXI Trofeo Concello do Grove de Piragüismo, recibiron cada un en seu xamón doado por VIABUSTRavel. Para o avituallamento dos deportistas, contamos coa aportación de GADIS, quen nos facilitou auga e barriñas de cereais. Para organización do tráfico e seguridade no mar, contamos coa colaboración da Policía Local

e o Servizo de Emerxencias do Grove. Do mesmo xeito, contamos para o servizo de seguridade do mar coa colaboración dunha moto acuática do amigo David do Club Rianxo-TOFFE. Sen esquecer os do inestimable traballo que nos aporta CANDI, coa megafonía e cos xogos populares que instalou no paseo marítimo durante a celebración do evento.

**A NOSA NORABOA A
TODOS OS DEPORTISTAS
E CLUBS
PARTICIPANTES,
ESPECIALMENTE
OS NOSOS.
E QUEREMOS AMOSAR
O NOSO
AGRADECIMENTO A
TOD@S OS QUE
DALGUNHA MANEIRA
APORTARON ALGO PARA
QUE ESTA REGATA SAÍRA
ADIANTE**

¡¡GRACIÑAS!!



PIRAGÜISMO

RESULTADOS GALEGOS

A asistencia e os resultados dos nosos equipos de piragüismo no 2º trimestre do ano, foron os seguintes:

- **2ª Regata da Liga Galega de Infantís** – A Veiga (Ourense) 14 de abril: Carme Devesa 1ª K-1 muller infantil “B”, Valeria Oliveira 2ª C-1 muller infantil “B”.

- **Campionato Galego de Inverno de K-2 e C-2** – Barra de Miño (Coles) Ourense, 29 de abril: Diego Romero-Noel Domínguez 1º C-2 home senior, Ángela Rodríguez-Nerea López 3º K-2 muller xuvenil, Lino Cacabelos-Félix Lamas 2ª C-2 home veterano “B”, Eva Rodríguez-Marta Rodríguez, 3º K-2 muller veterana “A”.

- **2ª Regata da Liga Galega de Kaiak de Mar/SUP** – Cambados, 1 de maio: Ángela Rodríguez-Nerea López 1º K-2 muller xuvenil, Daniel Mourellos 1º SUP home xuvenil, Marta Rodríguez 1º K-1 muller veterana tradicional, Emilia Serantes 2º K-1 muller veterana tradicional, Rut Otero 2º K-1 muller veterana.

- **Campionato Galego de Infantís de K-2 e C-2** – As Xubias (A Coruña) 20 de maio: Carmen e Lola Cerviño 2º C-2 muller infantil, Valeria e Yolanda Oliveira 3º C-2 muller infantil. Ademais do 3º posto do Equipo Infantil Feminino.

- **3ª Regata da Liga Galega de Kaiak de Mar/SUP** – Vigo, 20 de maio: Rut Otero 1º K-1 muller senior, Antia Naveiro- Daniel Mourellos 3º K-2 mixto, Eva Rodríguez 3º K-1 muller veterana.



HABITAT

Decoración

- XXXIV Travesía da Pasaxe

– As Xubias (A Coruña) 21 de maio: Diego Romero 1º C-1 home senior, Antía Naviero 3º K-1 muller xuvenil, Eva Rodríguez 3º K-1 muller veterana.

- Travesía das Pontes

– As Pontes (A Coruña), 4 de xuño: Diego Romero-Noel Domínguez-Miguel Fdez. Castro-Lino Cacabelos 1º C-4 home senior; Aaron Castro-Borja Lamas-Iván Meis- Camilo Ortíz 3º C-4 home xuvenil; Ángela Rodríguez-Rut Otero-

Antía Naveiro-Nerea López 3º K-4 muller xuvenil.

- Descenso do Miño

– Lugo, 10 de xuño: Diego Romero 1º C-1 home senior, Eva Rodríguez-Emilia Serantes 1º K-2 muller veterana.

- Baixada do Umiá

– Ribadumia, 11 de xuño: Miguel Fdez. castro 2º C-1 home senior, Aaron Castro 3º C-1 home cadete, Ángela Rodríguez, 1º K-1 muller xuvenil, Lara Outón 3º C-1 muller senior.

- LV Travesía de Foz

– Foz (Lugo), 18 de xuño: Ángela Rodríguez 2º K-1 muller xuvenil, Lara Outón 3º C-1 muller senior, Diego Romero 1º C-1 home senior, Miguel Fdez. Castro 3º C-1 home senior, Lino Cacabelos 2º C-1 home veterano, Diego Naveiro-Camilo Ortíz 2º C-2 home senior.

- Descenso do Miño

– Ourense, 25 de xuño: Diego Romero 1º C-1 home senior, 2º C-1 home senior, Ángela Rodríguez 1º K-1 muller xuvenil.



Luis A. Mestre, 76bx. 36980 O Grove
Telf. 986 730 958 Fax. 986 733 960

www.elesma.com



PIRAGÜISMO - RESULTADOS NACIONAIS

Durante os meses de abril, maio e xuño; a participación e resultados destacados dos nosos equipos e deportistas en competición nacional foron os seguintes:

- Campionato de España de Inverno para Xóvenes Promesas (cadetes e infantís) Sevilla, 1 e 2 de abril: desprazamos un equipo de nove deportistas que se meteron todos dentro do tempo de control, obtendo un destacado 18º por clubs.

A nivel individual os mellores resultados foron: Carme Devesa 4º K-1 muller infantil "B", Valeria Oliveira 5º C-1 muller infantil "B" ou Pedro Díaz 6º C-1 home infantil "B".

- I Copa de España de Maratón (media Maratón) Pontevedra, 8 de abril: 4º posto por clubs; Tania Álvarez 1º K-1 muller Sub 23, Elena Naveiro 1º muller senior KL3 (paracanoe), José M. Sánchez 2º C-1 home senior, Lara Outón 3º C-1 muller senior, Iván Meis 3º C-1 home cadete, Ángela Rodríguez-Nerea López 3º K-2 muller xuvenil, Miguel Fdez. Castro-Lino Cabelos 3º C-2 home senior.

- Copa de España de Pista 1.000 m. Trasona (Asturias)



22 e 23 de abril: desprazados 26 deportistas, 4º posto por clubs; Diego Romero 3º C-1 home senior, Noel Domínguez 2º C-1 home xuvenil, Natalia García-Tania Álvarez 2º K-2 muller senior, Diego Romero-José

Restaurante - Taberna

A TRAIÑA



M. Sánchez 3º C-2 home senior, Noel Domínguez-Camilo Ortíz 3º C-2 home xuvenil, María Calvo 2º muller senior KL3 (paracano), María Calvo 1º muller senior VL3 (paracano), Natalia García-Tania Álvarez-Laura García-Nuria Villacé 3º K-4 muller senior, Daniel Mourellos, 3º SUP home xuvenil.

- Campionato de España de Veteranos 1.000 m. Trasona (Asturias) 23 de abril: Lino Cacabelos: 1º C-1 home veterano (50-54), Miguel Fdez. Castro 2º C-1 home veterano (35-39), José M. Sánchez 1º K-1 home veterano (50-54), Rut Otero 1º K-1 muller veterana (40-44).

- Copa de España de Xóvenes Promesas Cadetes 1.000 m. Trasona (Asturias) 13 de maio: presentamos catro deportistas cadetes, dos que tres son de primeiro ano na categoría; todos os barcos que remaron metéronse en finais.

- Campionato de España de Maratón Alange (Mérida) 20 e 21 de maio: Lara Outón 2º C-1 muller senior, Tania Álvarez 1º K-1 muller Sub 23, Tono Campos 1º C-1 home senior, Elena Naveiro 1º muller senior KL3 (paracano), Tono Campos-José M. Sánchez 2º C-2 home senior, Miguel Fdez. Castro-Adrián Lameiro 3º C-2 home senior.

- Copa de España de Pista 200 e 500 m. Verducido (Pontevedra) 27 e 28 de maio: Elena Naveiro 1º muller senior KL3 (paracano), Natalia García 3º K-1 muller senior 200 m, Natalia García 2º K-1 muller senior 500 m., Natalia García-Tania



Álvarez 2º K-2 muller senior 500 m., Tono Campos-José M. Sánchez 2º C-2 home senior 500 m., Noel Domínguez-Daniel Mourellos 3º C-2 home xuvenil 200 m., Noel Domínguez-Daniel Mourellos 3º C-2 home xuvenil 500 m.

- Copa de España Xóvenes Promesas Infantís 3.000 m. Zamora, 24 de xuño: Carme Devesa 3º K-1 muller infantil "B", Valeria Oliveira 3º C-1 muller infantil "B", Valeria Oliveira-Yolanda Oliveira 2º C-2 muller infantil "B".



VICTOR OTERO PROL


Especialistas en
Seguros de Defensa Jurídica

Allianz 

Asesoría Fiscal e Contable •

Asesoría Laboral •

Sociedades •

Administración de Fincas •

Mediador de Seguros Colexiado •

**Especialista en Seguros de Vida •
Aforro e Inversión**

O Corgo, 59 baixo - Telf/Fax. 986 73 31 25 - 36980 O GROVE Pontevedra

PIRAGÜISMO RESULTADOS NACIONAIS

- 36º Maratón Internacional de Crestuma
(Portugal) 11 de xuño

Catro foron os deportistas do Breogán do Grove que acudiron a esta competición, dirixidos por José Luis Otero Padín.

Os resultados que colleitaron foron os seguintes:

- Tono Campos, 1º C-1 home senior.
- Diego Romero, 2º C-1 home senior.
- José M. Sánchez, 4º C-1 home senior.
- Tania Alvarez, 1º K-1 muller sub 23.

